

# INVITACIÓN DE VODA [WAJIB]

[Annemarie Jacir, 2017]

# 373

ESTREA EN NUMAX: 27.04.2018 | V.O.S.E. |

*Wajib* (2017, 94')

**Dirección:** Annemarie Jacir

**Guión:** Annemarie Jacir

**Elenco:** Saleh Bakri, Mohammed Bakri, Maria Zreik

**Son:** Carlos García

**Montaxe:** Jacques Comets

**Dirección de arte:** Bashar Hassuneh

**Vestuario:** Hamada Atallah

**Fotografía:** Antoine Heberlé

**Música:** Koo Abuali

**Productoras:** Philistine Films, Ape&Bjørn, Ciudad Lunar Producciones, Snowglobe Films (Palestina-Francia-Dinamarca-Colombia-Noruega)

**Distribuidora:** Festival Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Árabe

## FILMOGRAFÍA

*La sal de este mar*, 2008

*Lamma shoftak*, 2012

## PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (Competición oficial), Mar de Plata 2017 (Mellor filme e actor), Dubai 2017 (mellor filme e actor), Londres 2017 (Mención de Honra)

## SINOPSE

Shadi, un palestino que vive en Italia, regresa tras varios anos á súa Nazaret natal. O seu regreso non é precisamente por gusto, pois volve obrigado para honrar a súa wajib, o seu deber de repartir invitacións á voda do seu irmán co seu pai, Abu Shadi. Así, ao longo deste traxecto nun vello Volvo pola cidade, amósase como é ser un palestino no estranxeiro e un palestino no seu lugar de orixe.

«Unha ollada accesíbel e xenial a unha zona de Oriente Medio complexa e a veces tensa»

THE HOLLYWOOD REPORTER



“Este filme vai das cousas que en xeral os homes non falan entre eles”

Entrevista con Annemarie Jacir  
Por Shane Slater

### De onde sacaches a idea do filme?

A idea xurdiu cando o meu home recibiu unha chamada telefónica que lle anunciaba que súa irmá casaba. El dixo: “Teño que volver e axudar a meu pai a entregar os convites de voda”. Trátase dunha tradición palestina que xa case non se practica, agás en Nazaret. Pensei que era moi interesante e pregunteille se podía ir con el. Ir no asento de atrás como unha mosca na parede, aínda que para eles se tratara dunha cousa rara e mundana. Pero fun con eles e comecei a desenvolver a idea. Estiven con eles cinco días, percorrendo a cidade, deixando os convites en todas as veciñanzas, casa por casa.

É interesante que sexan os homes os encargados de tarefas como escoller os vestidos de voda. Intentaches amosar unha imaxe pouco convencional dos homes ou isto é relativamente normal? Interesoume amosar a tradición masculina de levar os convites da voda, porque só os homes o fan. Tamén me

interesou a relación paterno filial e a historia na que se basean os diálogos centrais do filme. Pero sobre todo este filme vai das cousas que en xeral os homes non falan entre eles. Non teñen ocasións para falar uns cos outros. Así que quixen explorar iso. No que respecta á tenda nupcial, non é moi tradicional que os homes estean alí. Pero nesa escena pódese ver que para Abu Shadi todo o que atinxe á súa familia é importante. Todo o que fixo na súa vida foi pola familia.

### Wajib ten o formato dunha road movie. Hai algún filme favorito que te inspire?

Encántanme as road movies. E de todo tipo, desde *Thelma e Louise* ata o cinema iraniano. O meu primeiro filme era dalgún xeito tamén unha road movie. Con *Wajib* gustábame a idea de dúas persoas nun coche porque teñen que falar entre elas á forza. Non hai onde ir, así que teñen que enfrontarse unha a outra. Así que tamén fala de quen son estas persoas cando están a soas e xuntas dentro dun coche e cando están con outra xente repartindo convites. Sobre todo Abu Shadi. Nunca pensei que poidese ser unha road movie porque transcorre sempre en Nazaret. Pero claro que o é.

Os actores principais son pai e fillo na vida real. Parécense as súas personalidades e a súa relación ao que vemos no filme? O fillo, Saleh Bakri, un actor co que adoito traballar, está próximo ao rol. Pero o pai, que é un actor ben coñecido e co que nunca traballara, é moi diferente á personaxe de Abu Shadi.

A tensión entre Israel e Palestina aparece cos convites. Pensas que os cineastas palestinos se senten na obriga de falar do clima político? Só podo falar por min e non creo que sexa unha obriga. Nin sequera creo que sexa de interese falar diso. É parte natural da vida. Tratei de que houbera un ritmo natural no filme. É ficción, pero baseada na realidade. E os temas políticos e sociais están arredor deles. Pero ao mesmo tempo trátase da súa relación. Hai dous homes tentando aprender a respectarse entre eles.

### Fálase moito das mulleres no filme. Hai moitas cineastas en Palestinas?

Si, agora si. O mesmo que no cinema independente do resto do mundo. Penso que hai máis mulleres nos sitios onde non hai unha industria estábel, están comezando xuntas. Estamos chegando á vez. En sitios como Hollywood onde as mulleres estiveron sempre fóra é máis difícil. Pero en sitios como Palestina, Siria ou as Filipinas onde non había unha industria de cinema grande si que hai bastantes mulleres directoras e produtoras.

Publicado en <http://www.awardscircuit.com>  
Tradución Olalla Cociña

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Jean-Pierre Léaud  
Pauline Etienne

## O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA  
co protagonista d' O 400 golpes

«Un conto fantástico totalmente inesperado»  
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emocioná dende o primeiro momento»  
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»  
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon